Visto que consta no expediente informe xurídico favorable, no que se sinala o seguinte:

*"**Asunto:** Informe xuridico sobre Licenza urbanística DE OBRA EN EDIFICACIÓN SITA NA RÚA NICOMEDES PASTOR DÍAS N.º 43*

*EXPTE: 5569/2017*

*SOLICITANTE: MANUEL GRANDÍO VARELA*

*REF. CATASTRAL: 3353943PJ1335S0002AP*

***INFORME-PROPOSTA***

*En relación co expediente relativo á licenza urbanística para Actuación en fachada de planta baixa, con apertura de huecos, substitución de carpintería exterior da planta baixa, limpeza de cantería e pintado en Rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº 43, a solicitude de Manuel Grandío Varela, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 a 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,*

***ANTECEDENTES DE FEITO***

***PRIMEIRO.** Con data 29 de setembro de 2017, foi presentada por Manuel Grandío Varela solicitude de licenza urbanística para a realización de Actuación en fachada de planta aixa, con apertura de huecos, substitución de carpintería exterior da planta baixa, limpeza de cantería e pintado no INMOBLE, con referencia catastral: 3353943PJ1335S0002AP, sito en Rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº43, desta localidade.*

*Coa solicitude achega a seguinte documentación:*

*•Fotografía na que se grafitean os cambios propostos na fachada.*

*•Xustificante de pagamento dos tributos municipais.*

***SEGUNDO.** Con data 18 de outubro de 2017, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade en data 19 de outubro de 2017 polo arquitecto municipal, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de a realización de Actuación en fachada de planta baixa, con apertura de huecos, substitución de carpintería exterior da planta baixa, limpeza de cantería e pintado no INMOBLE, con referencia catastral: 3353943PJ1335S0002AP, sito en Rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº43, desta localidade, e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018
Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

"1.- Non se poderá facer a modificación de ocos proposta na montaxe fotográfica presentada coa solicitude de licencia de obra, podendo facerse soamente a substitución de carpintería.
2.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.
3.- Tanto o revestimento de fachada como a cor de pintura a empregar será supervisada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro."

Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación | SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3) |
| Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. | Actuación en fachada de planta baixa, con apertura de huecos, substitución de carpintería exterior da planta baixa, limpeza de cantería e pintado no INMOBLE |
| *Orzamento de execución material.* | 2.180,00 euros |
| Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito | *Rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº43,desta localidade.*<br><br>*referencia catastral: 3353943PJ1335S0002AP,* |
| *Nome ou razón social da persoa promotora* | Manuel Grandío Varela. |
| *Técnico autor do proxecto e se é o caso*<br><br>*dirección facultativa de obras* | |

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**Primeira:** *PROCEDEMENTO: Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados pola súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos.*

*O inmoble de referencia sito en solo clasificado como urbano consolidado, atópase incluido no catálogo inventario do Plan especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI) polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.*

**Segunda:** De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as outorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, atopase no expedediente Resolución favorable con condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O expediente dispón da documentación necesaria para o outorgamento da licenza.

**Terceira.-** *CUMPRIMENTO COA NORMATIVA URBANÍSTICA.*

*O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018
Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 26

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as suas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. O usos permitidos son: **Residencial**, industrial e almacén, **comercial** e dotaciónal, segundo informe técnico que consta no expediente.*

Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.

*Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguíu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015*

*Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,*

***INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN***

***PRIMEIRO.*** *Conceder licenza urbanística a Manuel Grandío Varela para a realización de Actuación en fachada de planta Baixa, con apertura de huecos, substitución de carpintería exterior da planta baixa, limpeza de cantería e pintado no INMOBLE, con referencia catastral: **3353943PJ1335S0002AP**, sito en Rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº43, desta localidade.*

***SEGUNDO.*** *As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:*

1.- Non se poderá facer a modificación de ocos proposta na montaxe fotográfica presentada coa solicitude de licencia de obra, podendo facerse soamente a substitución de carpintería.
2.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.
3.- Tanto o revestimento de fachada como a cor de pintura a empregar será supervisada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro."

***TERCEIRO.*** *CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:*

➢*A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.*

➢*As obras executaranse con extrita suxeición ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.*

➢*O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018
Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 26

**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

*protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.*

*➢Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.*

*➢Réximen de caducidade das licenzas:*

- ✓ *O **prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses,** partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.*

- ✓ *O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

- ✓ *A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.*

*➢Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.*

***CUARTO.** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Manuel Grandío Varela, para a realización de actuación en fachada de planta Baixa, con substitución de carpintería exterior da planta baixa, limpeza de cantería e pintado no INMOBLE, con referencia catastral: 3353943PJ1335S0002AP, sito en Rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº43, desta localidade.

Segundo.- As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

1.- Non se poderá facer a modificación de ocos proposta na montaxe fotográfica presentada coa solicitude de licencia de obra, podendo facerse soamente a substitución de carpintería.
2.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018

Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 26

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

3.- Tanto o revestimento de fachada como a cor de pintura a empregar será supervisada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro."

Terceiro.- CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:

➢A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.

➢As obras executaranse con extrita suxeición ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➢O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➢Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➢Réximen de caducidade das licenzas:

- ✓ O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- ✓ O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- ✓ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

➢Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.



Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 26

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## 8.- APROBACIÓN DA TRAMITACIÓN INTERNA DE CONTRATOS MENORES.

## EXPTE. 3113/2018.-

Vista a Resolución da alcaldía sobre a tramitación de contratos menores, que textualmente di:

***"Expediente: 3113/2018.***

*María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,*

*ANTECEDENTES*

*Resultando que en data 9 de marzo de 2018 entrou en vigor a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*Resultando que o artigo 118 da referida norma establece o seguinte:*

*"Artículo 118. Expediente de contratación en contratos menores.*

*1. Se consideran contratos menores los contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministro o de servicios, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 229 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal.*

*En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá el informe del órgano de contratación motivando la necesidad del contrato. Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.*

*2. En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando normas específicas así lo requieran. Deberá igualmente solicitarse el informe de las oficinas o unidades de supervisión a que se refiere el artículo 235 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.*

*3. En el expediente se justificará que no se está alterando el objeto del contrato para evitar la aplicación de las reglas generales de contratación, y que el contratista no ha suscrito más contratos menores que individual o conjuntamente superen la cifra que consta en el apartado primero de este artículo. El órgano de contratación comprobará el cumplimiento de dicha regla. Quedan excluidos los supuestos encuadrados en el artículo 168.a).2.º"*

*Resultando que por parte da Secretaria municipal se emitiron dúas circulares informativas sobre a tramitación dos referidos contratos, en datas 5 de marzo e 15 de maio do presente ano.*

*Resultando que, segundo se recolle nas referidas circulares, emitíronse informes ao respecto pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado e pola Xunta Consultiva de Contratación de Galicia, así como por outras xuntas consuultivas de contratación autonómicas.*

*Emitida por esta Alcaldía proposta de Resolución para establecer o procedemento interno a seguir polo Concello de Viveiro para a tramitación dos contratos menores.*

*Resultando que pola Alcaldía e a Intervención se emitiron informes favorables á referida proposta.*

*Á vista de todos os documentos referidos, e tendo en conta as diverxencias interpretativas*



Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 26

*respecto dos expedientes dos contratos menores e das esixencias do artigo 118 da LCSP, en aras a dotar de maior seguridade xurídica a actividade municipal e adoptar un criterio interpretativo ao respecto para a tramitación dos referidos contratos no Concello de Viveiro por parte desta Alcaldía*

*RESÓLVESE*

*Primeiro.- Establecer o seguinte procedemento de tramitación interna no Concello de Viveiro, en cumprimento da LCSP, para a tramitación dos contratos menores:*

*I.- Proposta de gasto formulada polo concelleiro ou servizo correspondente.*

*Nesta proposta de gasto deben indicarse os seguintes aspectos:*

- *Concelleiro ou servizo que formula a proposta de gasto*
- *Obxecto do contrato*
- *Características concretas do contrato*
- *Empresa coa que se pretende contratar, e o seu CIF*
- *Importe da proposta de gasto, desglosando o IVE.*
- *Duración prevista do contrato*
- *Incorporación de orzamento (obrigatorio no caso de obras)*
- *Declaración responsable do contratista*

*As propostas que non conten cos requisitos referidos serán devoltas polo Servizo de contratación ao propoñente para a súa correcta cumplimentación.*

*II.-Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.*

*Este informe emitirase pola Alcaldía, ratificándose posteriormente pola Xunta de Goberno Local no momento da aprobación do expediente e do gasto.*

*III.- Xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para a evitar as regras xerais de contratación, e que o contratista non suscribiu más contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra establecida para os contratos menores segundo o obxecto do contrato (40.000 ou 15.000 euros). O órgano de contratación debe comprobar o cumprimento desta regra.*

*Esta xustificación realizarse mediante informe do servizo de contratación no que se acredite este extremo, debendo constar a súa comprobación pola Xunta de Goberno no acordo de aprobación do expediente e do gasto.*

*Neste informe do servizo de contratación deben comprobarse dous extremos:*

➢*Que o contratista co que se pretende realizar o contrato menor non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto contractual que individual ou conxuntamente superen o importe máximo establecido. Computará tamén o importe do contrato que se pretende realizar.*

*Por contrato subscrito debe entenderse o perfeccionado polo consentimento das partes para executar o contrato nos termos pactados por ambos, computando polo tanto (aínda que non conste aprobación formal do gasto) todo encargo ou aceptación que conste documentado. Computarían todos os contratos menores que conten co mesmo obxecto aínda que contasen con publicación, sempre e cando se tramitasen mediante contrato menor. No suposto da presentación de facturas correspondentes a contratos menores sen seguir a tramitación establecida, computarán no momento da aprobación do gasto, co correspondente ADO.*

*Non existe limitación para ser adxudicatario de contratos menores por importes superiores aos establecidos no artigo 118, sempre e cando se trata de obxectos contractuais distintos, non existindo tampouco limitación para que ese importe se supere por empresas vinculadas ou que conformen UTE sempre e cando se trate de obxectos diferentes.*

➢*Que para cada necesidade ou obxecto contractual non se supera o límite referido no artigo 118 para cada tipo de contrato; xa que unha vez superado non resulta posible o uso do*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018
Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*contrato menor para a mesma necesidade, aínda que se trate de contratos menores con empresarios diferentes, posto que suporía un fraccionamento do contrato para evitar as regras xerais de contratación.*

*O período temporal que se debe ter en conta para as limitacións referidas será o exercizo orzamentario (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano).*

*IV.- Acreditación da capacidade de obrar e habilitación profesional do empresario co que se pretende contratar.*

*Para esta acreditación, polo propoñente do gasto incorporarase ao expte unha declaración responsable asinada polo contratista respecto da capacidade de obrar e habilitación profesional do empresario co que se pretende contratar, segundo o modelo que se adxunta a esta resolución como* ***Anexo I.***

*V.- Orzamento das obras. (obrigatorio para os contratos menores de obras).*

*De todas formas sempre que resulte factible tamén se incorporará ao expediente orzamento da empresa para o resto de contratos.*

*VI.- Informe sobre a necesidade ou non de proxecto para a obra que se pretende contratar, e en función do referido informe, proxecto de obra. (exclusivamente para os contratos menores de obras)*

*VII.- Conformidade da Intervención Municipal, sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para a aprobación do gasto que conleva o correspondente contrato menor.*

*VIII.- Unha vez completo o expediente remitirase á Xunta de Goberno Local para a adopción de acordo*

*IX.- Aprobación do expediente e aprobación do gasto pola Xunta de Goberno Local.*

*X.- Incorporación da factura.*

*XI.- Publicidade do contrato.*

*Segundo.- Co obxectivo de axilizar a tramitación dos contratos menores e asegurar o cumprimento da normativa referida, os expedientes de contratos menores tramitaranse polo servizo de contratación, debendo ser éste o encargado de recopilar toda a documentación necesaria para poder tramitar cada expediente e remitir o mesmo completo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e aprobación do gasto, seguindo o procedemento indicado.*

*Terceiro.- No suposto que, se presenten facturas no rexistro de facturas do Concello, que sexan conformadas polo órgano xestor carecendo de proposta de gasto debidamente aprobada, este debera informar das causas do incumprimento, e sen prexuízo do informe de desconformidade da intervención municipal por tal carencia, deberán seguir os mesmos trámites ca proposta de gasto, aprobando en Xunta de Goberno as fases de Aprobación "A", Compromiso "D" e Recoñecemento da Obriga "O", de xeito acumulado "ADO", sempre que cumpra o resto dos requisitos e límites da LCSP 2017, e exista consignación orzamentaria adecuada e suficiente, noutro caso será obxecto de aplicación dos artigos 214 a 217 do TRLRFL.*

*Cuarto.- Remitir a presente resolución á Xunta de Goberno para a súa ratificación e aprobación, ao estar delegado pola Alcaldia neste órgano as competencias en materia de contratación e de aprobación do gastos, e remitir así mesmo a presente Resolución tamén ao Pleno da Corporación, como órgano de contratación, para a súa aprobación."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Establecer o seguinte procedemento de tramitación interna no Concello de Viveiro, en cumprimento da LCSP, para a tramitación dos contratos menores:



Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 26

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

I.- Proposta de gasto formulada polo concelleiro ou servizo correspondente.

Nesta proposta de gasto deben indicarse os seguintes aspectos:

- Concelleiro ou servizo que formula a proposta de gasto
- Obxecto do contrato
- Características concretas do contrato
- Empresa coa que se pretende contratar, e o seu CIF
- Importe da proposta de gasto, desglosando o IVE.
- Duración prevista do contrato
- Incorporación de orzamento (obrigatorio no caso de obras)
- Declaración responsable do contratista

As propostas que non conten cos requisitos referidos serán devoltas polo Servizo de contratación ao propoñente para a súa correcta cumplimentación.

II.-Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.

Este informe emitirase pola Alcaldía, ratificándose posteriormente pola Xunta de Goberno Local no momento da aprobación do expediente e do gasto.

III.- Xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para a evitar as regras xerais de contratación, e que o contratista non suscribiu más contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra establecida para os contratos menores segundo o obxecto do contrato (40.000 ou 15.000 euros). O órgano de contratación debe comprobar o cumprimento desta regra.

Esta xustificación realizarse mediante informe do servizo de contratación no que se acredite este extremo, debendo constar a súa comprobación pola Xunta de Goberno no acordo de aprobación do expediente e do gasto.

Neste informe do servizo de contratación deben comprobarse dous extremos:

➢Que o contratista co que se pretende realizar o contrato menor non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto contractual que individual ou conxuntamente superen o importe máximo establecido. Computará tamén o importe do contrato que se pretende realizar.

Por contrato subscrito debe entenderse o perfeccionado polo consentimento das partes para executar o contrato nos termos pactados por ambos, computando polo tanto (aínda que non conste aprobación formal do gasto) todo encargo ou aceptación que conste documentado. Computarían todos os contratos menores que conten co mesmo obxecto aínda que contasen con publicación, sempre e cando se tramitasen mediante contrato menor. No suposto da presentación de facturas correspondentes a contratos menores sen seguir a tramitación establecida, computarán no momento da



Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 26

aprobación do gasto, co correspondente ADO.

Non existe limitación para ser adxudicatario de contratos menores por importes superiores aos establecidos no artigo 118, sempre e cando se trata de obxectos contractuais distintos, non existindo tampouco limitación para que ese importe se supere por empresas vinculadas ou que conformen UTE sempre e cando se trate de obxectos diferentes.

➢Que para cada necesidade ou obxecto contractual non se supera o límite referido no artigo 118 para cada tipo de contrato; xa que unha vez superado non resulta posible o uso do contrato menor para a mesma necesidade, aínda que se trate de contratos menores con empresarios diferentes, posto que suporía un fraccionamento do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

O período temporal que se debe ter en conta para as limitacións referidas será o exercizo orzamentario (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano).

IV.- Acreditación da capacidade de obrar e habilitación profesional do empresario co que se pretende contratar.

Para esta acreditación, polo propoñente do gasto incorporarase ao expte unha declaración responsable asinada polo contratista respecto da capacidade de obrar e habilitación profesional do empresario co que se pretende contratar, segundo o modelo que se adxunta a esta resolución como **Anexo I.**

V.- Orzamento das obras. (obrigatorio para os contratos menores de obras).

De todas formas sempre que resulte factible tamén se incorporará ao expediente orzamento da empresa para o resto de contratos.

VI.- Informe sobre a necesidade ou non de proxecto para a obra que se pretende contratar, e en función do referido informe, proxecto de obra. (exclusivamente para os contratos menores de obras)

VII.- Conformidade da Intervención Municipal, sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para a aprobación do gasto que conleva o correspondente contrato menor.

VIII.- Unha vez completo o expediente remitirase á Xunta de Goberno Local para a adopción de acordo

IX.- Aprobación do expediente e aprobación do gasto pola Xunta de Goberno Local.

X.- Incorporación da factura.

XI.- Publicidade do contrato.

Segundo.- Co obxectivo de axilizar a tramitación dos contratos menores e asegurar o cumprimento da normativa referida, os expedientes de contratos

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018
Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 26

menores tramitaranse polo servizo de contratación, debendo ser éste o encargado de recopilar toda a documentación necesaria para poder tramitar cada expediente e remitir o mesmo completo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e aprobación do gasto, seguindo o procedemento indicado.

Terceiro.- No suposto que, se presenten facturas no rexistro de facturas do Concello, que sexan conformadas polo órgano xestor carecendo de proposta de gasto debidamente aprobada, este debera informar das causas do incumprimento, e sen prexuízo do informe de desconformidade da intervención municipal por tal carencia, deberán seguir os mesmos trámites ca proposta de gasto, aprobando en Xunta de Goberno as fases de Aprobación "A", Compromiso "D" e Recoñecemento da Obriga "O", de xeito acumulado "ADO", sempre que cumpra o resto dos requisitos e límites da LCSP 2017, e exista consignación orzamentaria adecuada e suficiente, noutro caso será obxecto de aplicación dos artigos 214 a 217 do TRLRFL.

Cuarto.- Remitir a presente resolución á Xunta de Goberno para a súa ratificación e aprobación, ao estar delegado pola Alcaldia neste órgano as competencias en materia de contratación e de aprobación do gastos, e remitir así mesmo a presente Resolución tamén ao Pleno da Corporación, como órgano de contratación, para a súa aprobación.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Servizo de Contratación aos efectos oportunos, comunicando así mesmo a presente resolución aos departamentos municipais e concellerías.

## 9.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

## EXPTE. 3286/2018.- RELACIÓN DE OBRIGAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3286/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

## 10.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas do 4 de xuño de 2018, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretaria Xeral, dou fe.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0023 Data: 05/06/2018
Cod. Validación: 9GE647QYPNMARQS7K4N6G4TJM | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26